

## **1. INTRODUCCIÓN**

O programa Docentia da Universidade da Coruña, levouse por primeira vez ao Consello de Goberno o 18 de decembro de 2007, unha vez aprobado por este órgano foi enviado á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, en adiante ACSUG, para a súa valoración. Tras recibir un informe positivo, pero cunha serie de melloras de obrigado cumprimento, estas foron incorporadas ao programa. Posteriormente foi remitido e aprobado novamente polo Consello de Goberno da UDC na sesión do 23 de xullo de 2008 e enviado á ACSUG para a súa aprobación definitiva.

O día 20 de xaneiro de 2009, o Consello de Goberno da UDC aprobou a Comisión Interna da Universidade, en adiante CIU, quedando constituída o 29 de xaneiro de 2009.

O día 23 de febreiro de 2009, a CIU publica a I convocatoria para a avaliación da actividade docente do profesorado (Programa Docentia) e a Convocatoria para participar nos Comités de Avaliación Docente do Programa Docentia co obxectivo de seleccionar os dous avaliadores da UDC de cada unha das cinco ramas que xunto co Presidente (membro da CIU) e cós outros dous avaliadores de fora do Sistema Universitario de Galicia, propostos pola ACSUG, comporían os cinco Comités de Avaliación Docente, en adiante CAD, que desenvolverían as súas funcións durante esta convocatoria.

Unha vez rematada co éxito a primeira convocatória e de cara a preparar a segundo traemos a este Consello de Goberno unha propostas de modificacións dirixidas a mellorar o proceso.

As propostas de modificación son as seguintes:

## **2.- RECOMENDACIÓNS PARA A MELLORA DO PROCESO**

Unha vez analizados todos os parágrafos do proceso do programa Docentia, incluímos a continuación todas as propostas de cambio que a través da VCNT

levarán ao Consello de Goberno da Universidade para a súa aprobación e implementación na II Convocatoria do programa Docentia.

## **1º. Alcance da II Convocatoria do programa Docentia**

- Poderase presentar a esta convocatoria o profesorado que estea impartindo durante o curso 2009-2010 algunha materia pertencente aos estudos de grao ou mestrado universitario, e que cumpran co requisito de ser avaliados/as polos estudantes, polo menos nun curso académico nos últimos cinco anos, e participasen na avaliación, cando menos, dúas veces nos últimos cinco anos.
- Deberán presentarse obrigatoriamente aqueles beneficiarios dun contrato programa na V Convocatoria de contratos programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC, e que non fosen avaliados na I convocatoria do programa Docentia.

## **2º. Prazos da convocatória**

- o Decembro de 2009. Presentación de solicitudes
- o Febreiro de 2010: Comunicación sobre a aceptación ou a denegación da solicitude presentada e envío á persoa interesada das evidencias que constan na UDC respecto diso
- o Do 1 ao 15 marzo de 2010: Envío á UTC das evidencias que desexe facer constar a persoa interesada para completar o expediente
- o Abril de 2010: Comunicación sobre a aceptación ou a denegación das evidencias remitidas á UTC  
Solicitude ás autoridades académicas dos informes
- o Do 1 ao 17 de maio de 2010: Envío á UTC do autoinforme de avaliación debidamente cuberto por parte da persoa interesada  
Envío á UTC dos informes das autoridades académicas
- o Do 18 de maio ao 18 de xuño de 2010: Proceso de avaliación de acordo co Programa Docentia por parte dos Comités de Avaliación Docente

- Do 21 de xuño ao 2 de xullo de 2010: Envío a cada profesor/a da resolución por parte da Comisión Interna da Universidade (CIU)
- Setembro de 2010: Envío das reclamacións que se recibiron aos Comités de Avaliación Docente e das resolucións ás persoas que reclamaron
- Outubro de 2010: Presentación de recurso perante o reitor, en caso de non conformidade
- Novembro de 2010: Elaboración dun informe final institucional por parte da CIU que remitirá á ACSUG, á Comisión de Garantía de Calidade da UDC e aos decanos e directores de centros e departamentos

Decembro 2009	Presentación de solicitudes
Febreiro 2010	Comunicación sobre a aceptación ou a denegación da solicitude presentada e envío á persoa interesada das evidencias que constan na UDC respecto diso
1 ao 15 Marzo	Envío á UTC das evidencias que desexe facer constar a persoa interesada para completar o expediente
Abril 2010	Comunicación sobre a aceptación ou a denegación das evidencias remitidas á UTC
	Solicitude ás autoridades académicas dos informes
Do 1 ao 17 de Maio	Envío á UTC do autoinforme de avaliación debidamente cuberto por parte da persoa interesada
	Envío á UTC dos informes das autoridades académicas
Do 18 de Maio ao 18 de xuño	Proceso de avaliación de acordo co Programa Docencia por parte dos Comités de Avaliación Docente
Do 21 de xuño ao 2 de xullo	: Envío a cada profesor/a da resolución por parte da Comisión Interna da Universidade (CIU)
Septembro 2010	Envío das reclamacións que se recibiron aos Comités de Avaliación Docente e das resolucións ás persoas que reclamaron
Outubro 2010	Presentación de recurso perante o reitor, en caso de non conformidade
Outubre/noviembre 2010	Elaboración dun informe final institucional por parte da CIU que remitirá á ACSUG, á Comisión de Garantía de Calidade da UDC e aos decanos e directores de centros e departamentos

### **3.º Proposta na valoración cualitativa e cuantitativa das dimensións, subdimensións e elementos**

- Eliminar como indicador os resultados das escalas de autoavaliación que cobren anualmente os profesores dentro do programa de avaliación docente da UDC.
- Manter a estrutura cuantitativa do Programa Docentia.
- Engadir unha nova relación de evidencias que respondan a cada un dos elementos (anexo I).
- Aplicar un novo formato de autoinforme que responda ás relacións indicadas no punto anterior cunha estrutura máis pechada (anexo II).
- Aplicar un novo formato para os informes dos directores/decanos de centro (anexo III) e directores de departamento (anexo IV ).
- Modificar a composición do CAD da Rama de Arte e Humanidades ao se lle conceder ao seu presidente un ano sabático. Proponse polo tanto, nomear presidenta a secretaria deste CAD, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Jesús Lorenzo Modia.

## ANEXO I: .VALORACIÓN CUALITATIVA E CUANTITATIVA DAS DIMENSIÓNS, SUBDIMENSIÓNS E ELEMENTOS

DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS	EVIDENCIAS	FONTE
<b>1. Planificación da docencia</b>	<b>1.1. Organización e coordinación docentes</b>	<b>1.1.1. Encargo docente</b>	a. Certificación da Vicerreitoría de Profesorado POD (títulos oficiais)	Vicerreitoría de Profesorado
			b. Certificación do departamento (créditos impartidos en programas de doutoramento, cursos e traballos de investigación tutelados e finalizados en que participa como director/a ou codirector/a)	Director/a do departamento
			c. Teses de doutoramento defendidas publicamente (non en proceso de elaboración)	Vicerreitoría de Investigación
			d. Certificacións de responsables académicos doutros cursos de estudos propios da universidade (da UDC ou doutras)	Solicitante
			e. Certificación da organización ou impartición de cursos relacionados coa docencia universitaria (CUFIE e/ou cursos doutras institucións)	Solicitante
			f. Guías docentes (programas ou guías docentes axustadas aos novos requisitos)	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			g. Enquisa DA (ítem 4)	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			h. Autoinforme	Solicitante
		<b>1.1.2. Modalidades de organización do ensino</b>	f. Guías docentes (programas ou guías docentes axustadas aos novos requisitos)	Solicitante
			h. Autoinforme	Solicitante
		<b>1.1.3. Coordinación de actividades docentes</b>	i. Participación en órganos colexiados da UDC (nome do órgano/n.º de reunións no curso académico/ausencias inxustificadas)	Secretaría Xeral

DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS	EVIDENCIAS	FONTE
			j. Participación en xuntas de centro (n.º de reunións no curso académico/ausencias inxustificadas)	Decano/a Director/a
			k. Participación en consellos de departamento (n.º de reunións no curso académico/ausencias inxustificadas)	Director/a do departamento
			l. Participación en comisións delegadas da xunta de centro de actividades docentes (nome da comisión/n.º de reunións no curso académico/ausencias inxustificadas)	Decano/a Director/a
			m. Participación en comisións delegadas do consello de departamento de actividades docentes (nome da comisión/n.º de reunións no curso académico/ausencias inxustificadas)	Director/a do departamento
			n. Participación noutras comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria	Solicitante
			ñ. Pertenza a grupos departamentais de calidade	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			o. Concesión de contratos-programa da UDC	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			p. Outras axudas recibidas relacionadas coa docencia universitaria doutras institucións	Solicitante
			h. Autoinforme	Solicitante
	1.2. Cumprimento do encargo docente	1.2.1. Cumprimento de horarios	q. Informe das autoridades académicas	Decano/a Director/a
			h. Autoinforme	Decano/a Director/a
		1.2.2. Asistencia a reunións	Xa recollido na epígrafe 1.1.3 (parágrafos i, j, k, l, m, n)	Comité de Avaliación Docente

DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS	EVIDENCIAS	FONTE
			q. Informe das autoridades académicas	Decano/a Director/a
			h. Autoinforme	Director/a do departamento
			h. Autoinforme	Solicitante
		1.2.3. Acción titorial	g. Enquisa DA, ítems 16 e 17	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			r. Plano de acción titorial (PAT)	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			q. Informe das autoridades académicas	Decano/a Director/a
			h. Autoinforme	Solicitante
	1.3. Planificación do ensino e da aprendizaxe en relación coas materias impartidas	1.3.1. Resultados da aprendizaxe previstos	s. Taxa de éxito media da licenciatura/diplomatura ou do grao/mestrado universitario en que se imparte a materia	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			h. Autoinforme	Solicitante
		1.3.2. Programas ou guías docentes elaborados polo profesorado cos modelos de referencia da universidade, do centro ou do departamento	f. Cumprimento da estrutura de guía docente proposta desde a UDC	Comité de Avaliación Docente
			g. Enquisa DA, ítem 4	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			h. Autoinforme	Solicitante
		1.3.3. Planificación das competencias, tarefas e actividades docentes en función dos créditos asignados e o tempo previsto que debe investir o estudiantado	f. Presenza destas seccións na guía docente	Comité de Avaliación Docente
			g. Enquisa DA, ítems 9 e 10	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			h. Autoinforme	Solicitante

DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS	EVIDENCIAS	FONTE		
		1.3.4. Criterios e métodos de avaliación acordes á metodoloxía utilizada polo profesorado e ao planificado	g. Enquisa DA, Ítems 18, 19 y 22	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías		
			h. Autoinforme	Solicitante		
		1.3.5. Materiais e recursos para a docencia	t. Materiais deseñados para a materia (relación e web/lugar onde se poden localizar)	Solicitante		
			u. Utilización de Moodle ou doutras plataformas (indíquese o enderezo web)	Solicitante		
			g. Enquisa DA, ítem 11	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías		
			h. Autoinforme	Solicitante		
		1.3.6. Cumprimento dos prazos establecidos (entrega de guías docentes, sinatura de actas, outra documentación solicitada polo centro e/ou departamento)	q. Informe das autoridades académicas	Decano/a Director/a		
			v. Datos directos de Xescampus (datos de cando se cobren as actas)	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías		
			h. Autoinforme	Solicitante		
		2.Desenvolvemento do ensino	2.1. Desenvolvemento do ensino e avaliación da aprendizaxe	2.1.1. Actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas polo profesorado en termos ECTS	f. Presenza desta sección na guía docente	Comité de Avaliación Docente
					u. Plataforma Moodle ou outras utilizadas	Solicitante
					g. Enquisa DA, ítems 3, 6, 9 e 10	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
h. Autoinforme	Solicitante					
2.1.2. Avaliación das aprendizaxes tendo en conta o planificado e os	f. Presenza desta sección na guía docente			Comité de Avaliación Docente		



DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS	EVIDENCIAS	FONTE		
			g. Enquisa DA, ítems 20 e 21	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías		
			h. Autoinforme	Solicitante		
		2.1.3. Motivación do profesorado, interese, fomento da participación do estudiantado	x. Participación como alumno/a en cursos de formación (cursos solicitados/cursos concedidos/cursos realizados e superados)	Solicitante		
			f. Presenza desta sección na guía docente	Comité de Avaliación Docente		
			g. Enquisa DA, ítems 7, 8 e 14	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías		
			h. Autoinforme	Solicitante		
			2.1.4. Fomento de recursos didácticos adicionais aos empregados na aula	g. Enquisa DA, ítem 11	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías	
		h. Autoinforme		Solicitante		
		3. Resultados	3.1. Resultados en termos de obxectivos formativos	3.1.1. Logros acadados polo estudiantado	f. Definición nas guías docentes das competencias	Comité de Avaliación Docente
					y. Número de alumnos matriculados/alumnos matriculados de 1. <sup>a</sup> matrícula	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
z. Taxa de éxito (sobre alumnado presentado)	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías					
h. Autoinforme	Solicitante					
3.1.2. Resultados obtidos considerando a satisfacción do estudiantado e do propio profesorado	g. Enquisa DA, ítem 24			Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías		

DIMENSIÓN	SUBDIMENSIÓN	ELEMENTOS	EVIDENCIAS	FONTE
			h. Autoinforme	Solicitante
	3.2. Revisión e mellora da actividade docente: formación e innovación	3.2.1. Cambios e modificacións propostas polo profesorado con base nas carencias detectadas na planificación ou o desenvolvemento de actividades docentes	f. Evolución das guías docentes	Comité de Avaliación Docente
			h. Autoinforme	Solicitante
		3.2.2. Actividades de formación realizadas polo profesorado	f. Evolución das guías docentes	Comité de Avaliación Docente
			x. Participación como alumno/a en cursos de formación (cursos solicitados/cursos concedidos/cursos realizados e superados)	Solicitante
			h. Autoinforme	Solicitante
		3.2.3. Innovacións desenvolvidas	o. Concesión e contido de contratos-programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC ou doutros similares doutras institucións	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
				Solicitante
			ñ. Pertenza a grupos departamentais de calidade	Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías
			h. Autoinforme	Solicitante

## **ANEXO II: CONTIDO ESTRUTURADO DO AUTOINFORME**

### **1. PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA**

#### 1.1. Organización e coordinación docentes

##### 1.1.1. Encargo docente

- As materias que imparte na licenciatura/diplomatura ou no grao son do seu interese directo ou a súa docencia foi encargo do departamento?
- Valore o procedemento de asignación de materias que segue o seu departamento
- Valore estas materias no contexto do plano de estudos
- Está satisfeito/a coas materias que imparte na licenciatura/diplomatura ou no grao?
- As materias que imparte en mestrado universitario/doutoramento/estudos propios son do seu interese directo ou a súa docencia foi encargo do departamento ou da persoa que é a responsable académica do curso?
- Está satisfeito/a coas materias que imparte no mestrado universitario/doutoramento/estudos propios?
- As condicións de desenvolvemento da súa docencia son adecuadas (aulas, laboratorios, horarios, grupos...)?
- Variables que condicionan positiva ou negativamente a planificación da súa docencia
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

##### 1.1.2. Modalidades de organización do ensino

- Responsabilidade na planificación da súa materia (é responsable directo/a, é coautor/a, veulle dada por instancias superiores...)
- Carencias estruturais que condicionan a súa planificación
- A planificación das materias faise con base en programas (obxectivos, contidos, avaliación, bibliografía...) ou está axustada aos novos requisitos (competencias, actividades de aprendizaxe, traballo presencial-autónomo...)?
- Problemas que atopa para o deseño das guías docentes

##### 1.1.3. Coordinación de actividades docentes

- Explique se existen actividades de coordinación no centro e a súa opinión sobre estas (se non existen comisións non se pode participar)
- Análise da súa participación en comisións
- Razóns polas cales non participa en comisións
- Que tipo de comisións considera que achegan máis á docencia universitaria?

- Análise sobre a súa pertenza a grupos departamentais de calidade e/ou contratos-programa concedidos. Achegas á mellora da súa docencia
- Coordinación con outros membros do profesorado á hora de realizar a súa planificación

## 1.2. Cumprimento do encargo docente

### 1.2.1. Cumprimento de horarios

- Problemas cos horarios/coa organización da materia e incidencia destes na súa planificación

### 1.2.2. Asistencia a reunións

- Problemas cos horarios das reunións a que é convocado/a (razóns das ausencias)

### 1.2.3. Acción tutorial

- Análise da participación no Plano de Acción Tutorial (PAT) do seu centro
- Análise das titorías docentes (participación do alumnado, regularidade da asistencia, local adecuado para atender o alumnado...)
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

## 1.3. Planificación do ensino e da aprendizaxe en relación coas materias impartidas

### 1.3.1. Resultados da aprendizaxe previstos

- Comentarios sobre as taxas de éxito na licenciatura/diplomatura ou no grao/mestrado universitario en que se imparte a materia

### 1.3.2. Programas ou guías docentes elaboradas polo profesorado cos modelos de referencia da universidade, do centro ou do departamento

- Modelo de guía proposta pola UDC: utilízase ou non e por que
- Valoración doutras orientacións e/ou outros criterios do seu centro/departamento para elaborar as guías docentes
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

### 1.3.3. Planificación de competencias, tarefas e actividades docentes en función dos créditos asignados e o tempo previsto que debe investir o estudiantado

- Planifica competencias e actividades de aprendizaxe axustadas á carga horaria da súa materia
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

1.3.4. Criterios e métodos de avaliación acordes á metodoloxía utilizada polo profesorado e ao planificado

- Planifica criterios e métodos de avaliación acordes á metodoloxía proposta
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

1.3.5. Materiais e recursos para a docencia

- Posibilidades de deseño de novos materiais orientados á docencia
- Funcionamento da plataforma Moodle: utilízase ou non e por que
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

1.3.6. Cumprimento de prazos establecidos

- Actividades docentes/administrativas do profesorado universitario: prazos de entrega de guías docentes, de sinatura de actas, outra documentación solicitada polo centro ou departamento

## **2. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO**

2.1. Desenvolvemento da ensino e avaliación da aprendizaxe

2.1.1. Actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas polo profesorado en termos ECTS

- Utilización da plataforma Moodle ou doutras alternativas
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumno

2.1.2. Avaliación das aprendizaxes tendo en conta o planificado e os requirimentos do departamento/centro

- Axuste entre os diferentes elementos da planificación (guía docente) que presenta en relación co estudiantado (coñecementos previos, asistencia ás clases, dedicación, traballo autónomo...)
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

2.1.3. Motivación do profesorado, interese, fomento da participación do estudiantado

- Motivación na súa profesión, elementos que axudan a súa tarefa e elementos desmotivadores
- Interese e participación en cursos de formación como profesor/a universitario/a

- Valoración das respostas á enquisa da avaliación docente do alumnado

#### 2.1.4. Fomento de recursos didácticos adicionais aos empregados na aula

- Elaboración de recursos e materiais que complementen a súa docencia
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

### 3. RESULTADOS

#### 3.1. Resultados en termos de obxectivos formativos

##### 3.1.1. Logros acadados polo estudiantado

- Análise dos seus resultados académicos (n.º alumnos matriculados, alumnos matriculados en 1.ª matrícula, presentados, taxa de éxito) en virtude das competencias deseñadas
- Relación entre competencias deseñadas, metodoloxías propostas e resultados obtidos
- Valoración sobre os resultados que se obtiveron

##### 3.1.2. Resultados obtidos considerando a satisfacción do estudiantado e do propio profesor

- Nivel de satisfacción considerando os resultados obtidos
- Valoración das respostas á enquisa de avaliación docente do alumnado

#### 3.2. Revisión e mellora da actividade docente: formación e innovación

##### 3.2.1 Cambios e modificacións propostas polo profesorado con base nas carencias detectadas na planificación ou o desenvolvemento de actividades docentes

- Que cambio introduciu na súa materia como consecuencia da análise do seu quefacer docente e dos resultados obtidos?

##### 3.2.2. Actividades de formación realizadas polo profesorado

- Fortalezas e debilidades da súa formación como docente (relación coos cursos de formación solicitados/realizados)
- En que pode axudarlle a institución universitaria a mellorar a súa docencia (relación coas debilidades detectadas)

##### 3.2.3. Innovacións desenvolvidas

- Que lle achega á súa práctica docente a pertenza a grupos departamentais de calidade e a concesión de contratos-programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC ou outros similares doutras institucións? Por que non participa nestas convocatorias?

# ANEXO III: INFORME CONFIDENCIAL DO/A DECANO/A OU DIRECTOR/A DO CENTRO

**APELIDOS E NOME DO/A PROFESOR/A:**

**NIF:**

**CATEGORÍA/CORPO:**

**DEPARTAMENTO:**

**CENTRO:**

## **PERÍODO DE AVALIACIÓN**

Curso inicial:

Curso final:

*Considerando as evidencias que obran no poder deste decanato/desta dirección, establécense as seguintes valoracións sobre a actividade docente desenvolvida polo/a profesor/a durante o período de avaliación solicitado.*

### **1. ASISTENCIA ÁS CLASES**

*Ten constancia de ausencias inxustificadas a clases, seminarios, obradoiros e laboratorios en actividades organizadas polo centro?*

SI	NON
<i>OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa):</i>	

### **2. ASISTENCIA ÁS TITORÍAS**

*Ten constancia de ausencias inxustificadas no horario de titorías?*

SI	NON
<i>OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa):</i>	

### **3. CUMPRIMENTO DOS PROCEDEMENTOS NORMALIZADOS**

*O/A profesor/a cumpre os procedementos establecidos no Regulamento de exames e os prazos sobre peche de actas, entrega de programas ou guías docentes, reserva de aulas e de material audiovisual, publicación de horarios de clases e titorías, comunicación ao alumnado e ao centro de cambios de horarios das actividades docentes etc.*



<i>SI</i>	<i>NON</i>
<i>OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma negativa):</i>	

**4. PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTE OU ACADÉMICA**

*O/A profesor/a participa en reunións para a planificación docente e a coordinación con outros profesores da mesma materia organizadas polo centro con vistas a establecer un programa común, prácticas conxuntas, evitar solapamento etc. e a valorar a adecuación das propostas docentes ás directrices do centro.*

<i>SI</i>	<i>NON</i>
<i>OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma negativa):</i>	

**5. IMPLICACIÓN EN ACTIVIDADES DOCENTES ORGANIZADAS OU COORDINADAS POLO CENTRO**

*O/A profesor/a participa en accións formativas organizadas polo centro, a adaptación de materias ao EEES, a elaboración de materiais docentes, comisións de elaboración e/ou revisión de planos de estudo, a coordinación de programas de mobilidade de estudantes, actividades de tutoría académica, tutoría de prácticas en empresas, comisións de avaliación de proxectos fin de carreira ou teses de mestrado etc.*

<i>SI</i>	<i>NON</i>
<i>OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma negativa):</i>	

**6. RESULTADOS DA ACTIVIDAD DOCENTE**

*Valorar a interacción co alumnado e o rendemento académico do estudiantado en relación coas actuacións docentes do/a profesor/a.*

<i>MOI FAVORABLE</i>	<i>FAVORABLE</i>	<i>DESFAVORABLE</i>
<i>MOTIVACIÓNS (xustifiquese a valoración outorgada):</i>		

**7. VALORACIÓN GLOBAL QUE MERECEAN AS ACTUACIÓNS DOCENTES DO/A PROFESOR/A**

<i>MOI FAVORABLE</i>	<i>FAVORABLE</i>	<i>DESFAVORABLE</i>
----------------------	------------------	---------------------

En ....., de ..... de .....

Asdo. ....

*O/A decano/a ou o/a director/a do centro*

## ANEXO IV: INFORME CONFIDENCIAL DO/A DIRECTOR/A DO DEPARTAMENTO

**APELIDOS E NOME DO/A PROFESOR/A:**

**NIF:**

**CATEGORÍA/CORPO:**

**DEPARTAMENTO:**

**CENTRO:**

**PERIODO DE AVALIACIÓN:**

Curso inicial:

Curso final:

*Considerando as evidencias que obran en poder deste departamento, establécense as seguintes valoracións sobre a actividade docente desenvolvida polo/a profesor/a durante o período de avaliación solicitado.*

### **8. ASISTENCIA ÁS CLASES**

*Ten constancia de ausencias inxustificadas a clases de mestrado universitario/posgrao/doutoramento coordinados polo departamento?*

SI	NON
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa):	

### **9. ASISTENCIA ÁS TITORÍAS**

*Ten constancia de ausencias inxustificadas no horario de titorías?*

SI	NON
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma afirmativa):	

### **10. CUMPRIMENTO DOS PROCEDIMENTOS NORMALIZADOS**

O/A profesor/a cumpre cos procedementos establecidos polo departamento (entrega de guías docentes das materias adscritas ao departamento, adecuación aos requisitos establecidos polo departamento, entrega de documentación solicitada polo departamento...)

SI	NON
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma negativa):	

**11.PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DOCENTE OU ACADÉMICA**

O/A profesor/a participa en reunións para a planificación docente e a coordinación con outros profesores de grao/mestrado universitario/posgrao/doutoramento organizadas polo departamento con vistas a establecer un programa común, prácticas conxuntas, evitar solapamentos etc. e valorar a adecuación das propostas docentes ás directrices do departamento.

SI	NON
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma negativa):	

**12.IMPLICACIÓN EN ACTIVIDADES DOCENTES ORGANIZADAS OU COORDINADAS POLO DEPARTAMENTO**

O/A profesor/a participa en accións formativas organizadas polo departamento, a adaptación de materias ao EEES, a elaboración de materiais docentes, comisións de contido curricular, actividades de tutoría académica, a tutoría de prácticas en empresas, comisións de avaliación de proxectos fin de carreira ou teses de mestrado etc.

SI	NON
OBSERVACIÓNS (cúbrase obrigatoriamente en caso de responder de forma negativa):	

**13.VALORACIÓN GLOBAL QUE MERECEAN AS ACTUACIÓNS DOCENTES DO/A PROFESOR/A**

MOI FAVORABLE	FAVORABLE	DESFAVORABLE
---------------	-----------	--------------

En ....., de ..... de .....

Asdo. ....

O/A director/a do departamento